



SERVIZO DE XESTIÓN TRIBUTARIA

IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS (IAE)

Anuncio da exposición pública da matrícula do IAE - Exercicio 2025

A Axencia Estatal de Administración Tributaria puxo ao dispor da Deputación Provincial da Coruña a matrícula do imposto sobre actividades económicas do exercicio 2025.

Esta matrícula está constituída polos censos comprensivos dos suxeitos pasivos non exentos do imposto e que exercen as súas actividades económicas nos seguintes concellos: Abegondo, Ames, Aranga, Ares, Arteixo, Arzúa, A Baña, Bergondo, Betanzos, Boimorto, Boqueixón, Brión, Cabana de Bergantiños, Cabanas, Camariñas, Cambre, A Capela, Cariño, Carnota, Carral, Cedeira, Cee, Cerceda, Cerdido, Coirós, Corcubión, Coristanco, Culleredo, Curtis, Dodro, Dumbría, Fene, Fisterra, Frades, Irixoa, A Laracha, Laxe, Lousame, Malpica de Bergantiños, Mañón, Mazaricos, Melide, Mesía, Miño, Moeche, Monfero, Muros, Muxía, Narón, Neda, Negreira, Ordes, Oroso, Ortigueira, Outes, Oza-Cesuras, Paderne, Padrón, O Pino, A Pobra do Caramiñal, Ponteceso, Pontedeume, Porto do Son, Ribeira, Rois, Sada, San Sadurniño, Santa Comba, Santiso, Sobrado, As Somozas, Teo, Toques, Tordoia, Touro, Trazo, Val do Dubra, Valdoviño, Vedra, Vilarmador, Vilasantar, Vimianzo e Zas.

Estos concellos son os que delegaron na Deputación Provincial da Coruña as facultades que a lei lles atribúe en materia de xestión tributaria e recadatoria relativas ao dito imposto, de conformidade co disposto no artigo 7 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

A matrícula inclúe, se é o caso, as cotas nacionais cando o domicilio fiscal do suxeito pasivo corresponda a algún dos concellos antes indicados.

En cumprimento do sinalado no artigo 90 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 e no artigo 3 do Real decreto 243/1995, de 17 de febreiro, polo que se ditan normas para a xestión do imposto sobre actividades económicas e se regula a delegación de competencias en materia de xestión censual do devandito imposto, a matrícula do imposto ponse a disposición do público nos devanditos concellos dende o **día 14 ao 28 de mayo de 2025**.

As consultas da matrícula na Deputación realizaranse por medio de correo electrónico dirixido a iae@dacoruna.gal ou chamando ao teléfono 981 080 049.

A inclusión dun suxeito pasivo na matrícula, así como a súa exclusión ou a alteración de calquera dos datos aos que a mesma se refire, constitúen actos administrativos contra os que cabe interpor, no prazo dun mes que se conta desde o día inmediato seguinte ao da finalización do período de exposición pública da matrícula, o recurso potestativo de reposición ante o órgano competente da Administración tributaria do Estado ou reclamación ante o Tribunal Económico-Administrativo Rexional no mesmo prazo, sen que se poidan interpoñer simultaneamente ambos recursos (artigo 91 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, e artigo 4 do Real decreto 243/1995, do 17 de febreiro).

A Coruña, (asinado dixitalmente)

O presidente / PDFR 29/08/2023/ O deputado

Antonio Leira Piñeiro

O secretario xeral

Miguel Iglesias Martínez